

ACTA NÚMERO: 39/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 17 de outubro de 2025 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Manuel Carramal Silva, Xefe da Sección de Informes da Secretaría.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 9 de outubro de 2025 (Reunión 38/2025).*
2. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de "xestión, desenvolvemento e execución do programa "Lecer en familia 2026". (Expte.- 2025009308).*
3. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes á documentación administrativa e proposta avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria, reposición de cunetas na E.P. 1201 Marín-As Penizas, dende o P.Q. 1+650 ao 2+060. Concello de Marín". (Expte.- 2025051588).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Traballos de substitución de carpinterías no edificio de edafoloxía da Estación Fitopatolóxica Areeiro". (Expte.- 2024055734).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes á documentación administrativa e a proposta avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de 14 sondaxes arqueolóxicas no recinto de Monterreal (Baiona). (Expte.- 2025056421).*

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. ***Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 9 de outubro de 2025 (Reunión 38/2025).***



Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 17 de outubro de 2025 (Reunión 38/2025).

2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de "xestión, desenvolvemento e execución do programa "Lecer en familia 2026". (Expte.- 2025009308).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo de Xunta de Goberno, adoptado na sesión do día 31 de xullo de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "LEGER EN FAMILIA 2026".

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea con data 26 de agosto de 2025, sendo publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 27 de agosto de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 2 de outubro de 2025, procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa, resultando admitida a seguinte empresa:

- VIAJES HALCON, S.A.U. (NIF: A10005510)

A continuación, a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica do sobre "B", correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentada pola empresa que resultou admitida, sendo os valores ofertados pola empresa os seguintes:

1.- Prezo unitario medio ofertado por praza para a totalidade dos establecementos:

NOME DO ESTABLECEMENTO		CATEGORÍA DO ESTABLECEMENTO (Nº estrelas)	PREZO UNITARIO POR PRAZA
1	Nuevo Astur Complejo & Spa	3*	102,80 €
2	Hotel Carlos I Silgar Sanxenxo	4*	102,80 €
3	Gran Talaso Hotel Sanxenxo	4*	102,80 €
4	Hotel Spa Nanin Playa	3*	102,80 €
5	Hotel Spa Bosquemar	3*	102,80 €
6	Termas de Cuntis – Hotel Castro do Balneario	4*	102,80 €
7	Hotel Bienestar Moaña	4*	102,80 €
8	Hotel Coia	4*	102,80 €
9	Hotel Sercotel Tres Luces	3*	102,80 €
10	Hotel Pazo o Rial	4*	102,80 €
12	Hotel Val Convention	3*	102,80 €



13	Hotel Pontañas	3*	102,80 €
PREZO MEDIO UNITARIO POR PRAZA MAIORES DE 12 ANOS DA TOTALIDADE ESTABLECEMENTOS			102,80 €

2.- Agasallo serigrafiado para as familias participantes:

- ☒ Oferta agasallo por valor de mercado igual ou superior a 3 euros.
- ☐ Oferta agasallo por valor de mercado entre 2 e 2,99 euros.
- ☐ Oferta agasallo cun valor de mercado entre 1 e 1,99 euros.
- ☐ Oferta agasallo cun valor de mercado igual ou inferior a 0,99 euros.

3.- Oferta de establecementos con spa, talaso ou piscina termal:

Número de establecementos ofertados con spa, talaso ou piscina termal, por riba do mínimo esixido (4 establecementos)	7
---	---

4.- Aumento do número mínimo de establecementos ofertados:

- ☒ Oferta 12 establecementos ou máis.
- ☐ Oferta 11 establecementos.
- ☐ Oferta 10 establecementos.
- ☐ Oferta 9 establecementos.
- ☐ Non aumenta o número mínimo de establecementos ofertados.

5.- Oferta de actividades complementarias:

- ☒ Oferta 2 actividades por establecemento ofertado.
- ☐ Oferta 1 actividade por establecemento ofertado.
- ☐ Non oferta actividades complementarias.

6.- Concurso de fotografía para as familias:

- ☒ Oferta concurso de fotografía con premio dunha estadia gratuíta nun dos aloxamentos propostos no programa.
- ☐ Oferta concurso de fotografía.
- ☐ Non oferta concurso de fotografía para as familias.

Feitas as valoracións, de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, a puntuación obtida no sobre "B" pola empresasque participa no procedemento é a seguinte:

SOBRE B: CRITERIOS DE VALORACIÓN AUTOMÁTICA		PUNTUACIÓN MÁXIMA	VIAJES HALCÓN, S.A.U. (CIF: A10005510)
1	Menor prezo unitario medio ofertado da totalidade dos establecementos	30,000	0,058
2	Agasallo serigrafiado para as familias participantes	4,000	4,000



3	Categoría dos establecementos	20,000	12,000*
4	Oferta de establecementos con spa, talaso ou piscina termal	18,000	9,000**
5	Aumento do número mínimo de establecementos ofertados	12,000	12,000
6	Oferta de actividades complementarias	12,000	12,000
7	Concurso de fotografía para as familias	4,000	4,000
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B		100,00	53,058

A puntuación obtida resulta da oferta de 6 establecementos de 4, de conformidade co sinalado na táboa correspondente ao criterio primeiro.

**De conformidade co sinalado na cláusula particular 9 do prego de cláusulas económico-administrativas, “valorarase a oferta de establecementos con spa, talaso ou piscina termal, por riba do número mínimo esixido nos pregos (4 establecementos hoteleiros), outorgándose 3 puntos por cada establecemento ofertado”. De acordo coa listaxe de establecementos ofertados pola empresa, os establecementos da tipoloxía indicada por riba do mínimo esixido son 3.

A Mesa de contratación acorda:

1.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento aberto convocado para contratación do referido servizo, sendo ésta a seguinte:

Clasificación	Empresa	Puntuación Sobre B (Máx.100 puntos)	Puntuación total
1ª	Viajes Halcón, S.A.U. (NIF: A10005510)	53,058	53,058

3.- Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a **adjudicación do referido procedemento aberto**, á empresa VIAJES HALCON, S.A.U. (NIF: A10005510) polos seguintes prezos e valores ofertados:

1.- Prezo unitario medio ofertado por praza para a totalidade dos establecementos:

NOME DO ESTABLECEMENTO		CATEGORÍA DO ESTABLECEMENTO (Nº estrelas)	PREZO UNITARIO POR PRAZA
1	Nuevo Astur Complejo & Spa	3*	102,80 €
2	Hotel Carlos I Silgar Sanxenxo	4*	102,80 €
3	Gran Talaso Hotel Sanxenxo	4*	102,80 €
4	Hotel Spa Nanin Playa	3*	102,80 €
5	Hotel Spa Bosquemar	3*	102,80 €
6	Termas de Cuntis – Hotel Castro do Balneario	4*	102,80 €
7	Hotel Bienestar Moaña	4*	102,80 €
8	Hotel Coia	4*	102,80 €
9	Hotel Sercotel Tres Luces	3*	102,80 €



10	Hotel Pazo o Rial	4*	102,80 €
12	Hotel Val Convention	3*	102,80 €
13	Hotel Pontañas	3*	102,80 €
PREZO MEDIO UNITARIO POR PRAZA MAIORES DE 12 ANOS DA TOTALIDADE ESTABLECEMENTOS			102,80 €

2.- Agasallo serigrafiado para as familias participantes:

☒ Oferta agasallo por valor de mercado igual ou superior a 3 euros.

3.- Oferta de establecementos con spa, talaso ou piscina termal:

Número de establecementos ofertados con spa, talaso ou piscina termal, por riba do mínimo esixido (4 establecementos)	3*
---	----

*De conformidade co sinalado na cláusula particular 9 do prego de cláusulas económico-administrativas, "valorarase a oferta de establecementos con spa, talaso ou piscina termal, por riba do número mínimo esixido nos pregos (4 establecementos hoteleiros), outorgándose 3 puntos por cada establecemento ofertado". De acordo coa listaxe de establecementos ofertados pola empresa, os establecementos da tipoloxía indicada por riba do mínimo esixido son 3.

4.- Aumento do número mínimo de establecementos ofertados:

☒ Oferta 12 establecementos ou máis.

5.- Oferta de actividades complementarias:

☒ Oferta 2 actividades por establecemento ofertado.

6.- Concurso de fotografía para as familias:

☒ Oferta concurso de fotografía con premio dunha estadía gratuíta nun dos aloxamentos propostos no programa.

3. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes á documentación administrativa e proposta avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria, reposición de cunetas na E.P. 1201 Marín-As Penizas, dende o P.Q. 1+650 ao 2+060. Concello de Marín". (Expte.- 2025051588).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, número 2025007712 de data 24 de setembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Mellora da seguridade viaria, reposición de cunetas na E.P. 1201 Marín-As Penizas, dende o P.Q. 1+650 ao 2+060. Concello de Marín". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 24 de setembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES VALE, SL
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	62.800,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	65.382,03 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	64.652,76 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES VALE, SL	65.087,52 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	69.421,07 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	63.790,26 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	64.007,64 €	3,00%	36 MESES	SI	SI



A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

4. Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Traballos de substitución de carpinterías no edificio de edafoloxía da Estación Fitopatolóxica Areeiro". (Expte.- 2024055734).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, número 2025007671 de data 23 de setembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Traballos de substitución de carpinterías no edificio de edafoloxía da Estación Fitopatolóxica Areeiro". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 23 de setembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.
- PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO, S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO		
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA
ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.	47.888,05 €	3,00%	36 MESES



PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO, S.L.	48.810,69 €	3,00%	36 MESES
---------------------------------------	-------------	-------	----------

De conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares (PCAP) para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO			PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	
ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.	40,07	10,00	10,00	60,07
PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO, S.L.	32,85	10,00	10,00	52,85

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "*Traballos de substitución de carpinterías no edificio de edafoloxía da Estación Fitopatolóxica Areeiro*" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.	60,07
2	PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO, S.L.	52,85

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación deste procedemento á empresa ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L. de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado.....47.888,05 €
 IVE (21%).....10.056,49 €
 Importe Total..... 57.944,54 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM



A Mesa de Contratación comproba que a empresa ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA S L (CIF B36584787) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, acreditando a tenor do reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, solvencia técnica e económica, representación, habilitación profesional ou empresarial, acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA S L mediante comunicación electrónica para que aporte no prazo de sete días hábiles, a contar dende o día seguinte á notificación do requirimento, a seguinte documentación:

- a) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 2.394,40 €

5. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes á documentación administrativa e a proposta avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de 14 sondaxes arqueolóxicas no recinto de Monterreal (Baiona). (Expte.- 2025056421).*

O Secretario informa que por Resolución Presidencial nº 2025007706, de data 24 de setembro de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do “servizo de 14 sondaxes arqueolóxicas no recinto de Monterreal (Baiona)”.

Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Secretario da Mesa de Contratación comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobre únicos, as empresas presentadas e admitidas foron as seguintes:

- EDUARDO BREGÁN NIETO MUÑOZ (NIF: 44445183Y)
- TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. (NIF: B70608948)

Os valores ofertados polas empresas presentadas e admitidas no procedemento son os seguintes:



EDUARDO BREGÁN NIETO MUÑIZ (NIF: 44445183Y):

1. Prezo ofertado:

Importe ofertado, sen IVE	45.225,96 €
IVE (21%)	9.497,45 €
Importe total ofertado, co IVE	54.723,41 €

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. (NIF: B70608948):

1. Prezo ofertado:

Importe ofertado, sen IVE	44.297,00 €
IVE (21%)	9.302,37 €
Importe total ofertado, co IVE	53.599,37 €

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade co establecido nos pregos, a puntuación obtida polas empresas é a seguinte:

Criterios de adxudicación	Puntuación máxima	EDUARDO BREGÁN NIETO MUÑIZ	TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
Menor prezo ofertado, sen IVE	100,000 puntos	28,779 puntos	38,903 puntos
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE “ÚNICO”	100,000 puntos	28,779 puntos	38,903 puntos

A Mesa de Contratación ACORDA:

- Admitir ás seguintes empresas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do “servizo de 14 sondaxes arqueolóxicas no recinto de Monterreal (Baiona)”:
 - EDUARDO BREGÁN NIETO MUÑIZ (NIF: 44445183Y)
 - TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. (NIF: B70608948)
- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas que participan no procedemento simplificado convocado para a contratación do referido servizo, que resulta como segue:

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE “ÚNICO”
----------	--------------------	--------------------------------



1º	TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. (NIF: B70608948)	38,903 puntos
2º	EDUARDO BREOGÁN NIETO MUÑOZ (NIF: 44445183Y)	28,779 puntos

3. Propor ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. (NIF: B70608948), que alcanzou a maior puntuación total.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa proposta como adxudicataria figura inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 7070, así como no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector. Os certificados acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contra, que acredita, a tenor del reflectido e salvo proba en contrario, que se atopa debidamente constituída e non está incursa en ningunha prohibición de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirle á empresa TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. (NIF: B70608948), proposta como adxudicataria mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles, presente o resto de documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que a empresa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e doce minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

